

Universidade de Vigo

LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Jiménez, Maruxa
Armesto Quiroga, José Ignacio
Bendoiro Mato, Adolfo
Fenollera Bolíbar, María Inmaculada
González Cespón, José Luis
Lantaron Caeiro, Eva María
López-Valeiras Sampedro, Ernesto
Mahou Lago, Xosé María
Moure Rodríguez, María José
Ramos Cabrer, Manuel
Ribobó Lois, Alexo Breogán
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Vázquez Domínguez, María Isabel

DESCULPA ASISTENCIA

Montero Reguera, José Francisco

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos propios da Universidade de Vigo do día 31 de xaneiro de dous mil vinte e dous, convocada para as 13:25 h en primeira convocatoria, e ás 13:30 h en segunda convocatoria na Sala de Xuntas do 3º andar do edificio Ernestina Otero e de forma virtual na Sala de Xuntas 1 da Escola Aberta de Formación Permanente no Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **31 de xaneiro de 2022** ás 13:30 h deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos Propios, presidida pola Sra. Directora da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021.

Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, da proposta ao Consello Social de prezos e taxas dos títulos propios de especialización académica.

Punto carto: Aprobación, se procede, da rúbrica de valoración do profesorado externo dos títulos propios.

Punto quinto: Aprobación, se procede, de modificacións en títulos propios.

Punto sexto: Aprobación, se procede, da delegación de modificación de prazas, datas de preinscrición, matrícula e celebración dos títulos propios na Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto séptimo: Aprobación, se procede, das propostas de cursos avanzados de posgrao.

Punto oitavo: Aprobación, se procede, das propostas de cursos de formación universitaria.

Punto nonovo: Aprobación, se procede, da normativa de transferencia de créditos no ciclo intensivo do Programa Universitario de Maiores.

Punto décimo: Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación 2022.

Punto décimo primeiro: Aprobación, se procede, do modelo da enquisa de satisfacción do alumnado dos títulos propios de especialización académica

Punto décimo segundo: Asuntos de trámite.

Punto décimo terceiro: Rogos e preguntas.

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021.

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2021.

Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Os pasados días 17 e 18 de xaneiro celebrouse en Vigo unha xornada técnica da RUEPEP na que se trataron, fundamentalmente, ao RD-822 e ao SIGC.

Por outra banda, o servizo de posgrao está a traballar na implantación da nova plataforma SIGMA que substituirá a Bubela na xestión dos títulos propios. Está previsto comezar a traballar na nova plataforma con algúns cursos a partires da primavera.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, da proposta ao Consello Social de prezos e taxas dos títulos propios de especialización académica.

A Directora explica as principais características da nova proposta.

Apróbase a proposta de prezos e taxas por asentimento.

Punto carto: Aprobación, se procede, da rúbrica de valoración do profesorado externo dos títulos propios.

A Directora explica as principais características da proposta da rúbrica de valoración do profesorado externo dos títulos propios.

Adolfo Bendoiro intervén para preguntar acerca de aspectos relativos á puntuacións mínimas, valoración de enquisas no apartado de experiencia docente e formato de currículo. A Directora aclara as diferentes cuestións e indica que se podería preparar unha proposta de formulario para o currículo.

Breogán Riobó intervén para facer algunas puntualizacións acerca de aspectos relativos á avaliación da experiencia docente e publicacións. A Directora propón non solicitar excesivos requisitos que poderían limitar en exceso a participación de docentes externos.

José Luis González intervén para propor a utilización do modelo CVN da FECYT e coincide coa Directora no relativo aos requisitos. Eva Lantarón tamén manifesta estar de acordo.

Breogán Riobó propón facer unha modificación da puntuación en diferentes subapartados da experiencia docente. A Directora toma nota das modificacións e as incorpora a proposta de rúbrica a aprobar.

Despois da quenda de intervencións, apróbase a proposta de rúbrica por asentimento.

Punto quinto: Aprobación, se procede, de modificacións en títulos propios.

A dirección académica do título propio de “Especialista en ciberseguridade industrial” solicita a inclusión dun novo profesor externo por un problema de horarios doutro profesor externo, Agustín Valencia Gil-Ortega.

Apróbase a proposta de inclusión deste profesor externo por asentimento.

A dirección académica do curso de formación universitaria “Diplomado en igualdade entre mulleres e homes nas relacións laborais”, solicitou a ampliación do prazo de inscrición e matrícula. A Directora informa que deu autorización provisional condicionada a súa aprobación definitiva pola comisión de estudos propios.

Apróbase a solicitude de ampliación de prazos por asentimento.

A dirección académica do curso avanzado de posgrao “Eficiencia enerxética en rehabilitación de edificios” solicitou modificación nas datas de preinscripción, matrícula e docencia. A Directora informa que deu autorización provisional condicionada a súa aprobación definitiva pola comisión de estudos propios.

Apróbase a solicitude de modificación de datas por asentimento.

A dirección académica do curso de formación universitaria “Introducción a analítica de datos con Power BI” solicitou a redución no número mínimo de prazas e a ampliación dos prazos de preinscripción e matrícula. A Directora informa que deu autorización provisional condicionada a súa aprobación definitiva pola comisión de estudos propios.

Apróbase a solicitude de modificación de datas por asentimento.

Punto sexto: Aprobación, se procede, da delegación de modificación de prazas, datas de preinscripción, matrícula e celebración dos títulos propios na Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

A Directora propón a delegación na dirección da escola das solicitudes presentadas polas direccións académicas sempre que cumpran os criterios da normativa, estean debidamente xustificadas e sexan urxentes, sempre condicionadas a aprobación posterior pola comisión de estudos propios. A delegación tería que ver con solicitudes de modificación de prazas, datas de preinscripción, matrícula e celebración dos títulos propios.

Apróbase a delegación por asentimento.

Punto séptimo: Aprobación, se procede, das propostas de cursos avanzados de posgrao.

A Directora informa da proposta de curso avanzado de posgrado “Didáctica da ficción e creación literaria” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

A Directora informa da proposta de curso avanzado de posgrado “Valor, diagnóstico e prognóstico da monitoraxe ambulatoria da presión arterial” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

Punto oitavo: Aprobación, se procede, das propostas de cursos de formación universitaria.

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Data mining con R” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

A Directora informa da proposta de curso de formación universitaria “Estatística avanzada con R para profesionais da saúde” e explica as principais características e contidos da documentación presentada.

Apróbase a proposta por asentimento

Punto noveno: Aprobación, se procede, da normativa de transferencia de créditos no ciclo intensivo do Programa Universitario de Maiores.

Intervén José Luis González, coordinador do Programa Universitario para explicar as principais características da proposta de normativa de transferencia de créditos no ciclo intensivo do Programa Universitario de Maiores que se levaría a aprobación a consello de goberno.

A Directora intervén para indicar a conveniencia de que na proposta se indique de forma específica que o/a coordinador/a xeral do programa de maiores será o/a responsable da validación e tamén os prazos de solicitude.

Intervén Adolfo Bendoiro para propor a inclusión na proposta dunha porcentaxe máxima de recoñecemento de créditos nos puntos 3.2 e 3.3, que se establecerán de forma acorde a outras titulacións da Universidade de Vigo.

Despois da quenda de intervencións, apróbase a proposta de normativa, coas incorporacións indicadas anteriormente, por asentimento.

Punto décimo: Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación 2022.

A Directora informa da nova convocatoria de axudas económicas para actividades formativas e de divulgación e explica as principais características da mesma.

Apróbase a convocatoria por asentimento

Punto décimo primeiro: Aprobación, se procede, do modelo da enquisa de satisfacción do alumnado dos títulos propios de especialización académica

A Directora informa do modelo de enquisa de satisfacción do alumnado e explica as principais características do mesmo.

Despois da quenda de intervencións, apróbase o modelo da enquisa de satisfacción do alumnado por asentimento.

Punto décimo segundo: Asuntos de trámite.

A Directora presenta a aprobación, se procede, dos prezos do programa universitario de maiores para o curso 2022/23.

Apróbase a proposta por asentimento.

Punto décimo terceiro: Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:55 h do día 31 de xaneiro de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudos Propios.

A presidenta da Comisión de Estudios
Propios

O secretario da Comisión de Estudios
Propios

María José Moure Rodríguez

José Ignacio Armesto Quiroga

PROPOSTA DE PREZOS DOS TÍTULOS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2022/23:

Aprobada na Comisión de Estudos Propios o 31 de xaneiro de 2022

1. PREZO MÁXIMO DO CRÉDITO PARA O ESTUDANTADO:

| | | Tarifa Xeral | Comunidade Universitaria | Comunidade Alumni | Máx. ECTS da tarifa xeral/ Curso académico |
|-------------------------|---|--------------|--------------------------|-------------------|---|
| POSGRAO | MESTRADO PROPIO | 90 €/ECTS | 76,5 €/ECTS | 81 €/ECTS | 5.400 € (60 ECTS) |
| | ESPECIALISTA | 90 €/ECTS | 76,5 €/ECTS | 81 €/ECTS | 5.310 € (59 ECTS) |
| | EXPERTO | 90 €/ECTS | 76,5 €/ECTS | 81 €/ECTS | 2.610 € (29 ECTS) |
| | CURSO AVANZADO DE POSGRAO | 90 €/ECTS | 76,5 €/ECTS | 81 €/ECTS | 1.260 € (14 ECTS) |
| Formación universitaria | FORMACIÓN SUPERIOR UNIVERSITARIA | 60 €/ECTS | 51 €/ECTS | 54 €/ECTS | 3.600 (60 ECTS) |
| | CURSO DE FORMACIÓN UNIVERSITARIA | 60 €/ECTS | 51 €/ECTS | 54 €/ECTS | 1.140 (19 ECTS) |
| | Para os cursos masivos (MOOC) | 25 €/ECTS | 20€ /ECTS | 22.5 €/ECTS | --- |

Redución de prezos:

Sempre que as tarifas propostas nun título non alcancen o máximo indicado na táboa anterior, calcularase a tarifa da comunidade universitaria como o 85 % da tarifa xeral, e a tarifa da comunidade Alumni como o 90% da tarifa xeral. Considérase Comunidade Universitaria a os estudiantes que finalizan un Grao na Universidade de Vigo e se matriculan no seguinte curso académico nun título propio.

As persoas en situación de desemprego e as que acrediten unha discapacidade de polo menos o 33% recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma beneficiaranse dos mesmos prezos que a Comunidade Universitaria.

Criterios excepcionais:

As direccións académicas poderán solicitar un prezo superior, no caso de que a proposta do título xustifique adequadamente unha dotación específica para:

- A compra de material funxible para o correcto desenvolvemento das prácticas do título.
- O aluguer de instalacións, equipos ou maquinarias moi específicas non dispoñibles na Universidade de Vigo.
- A compra de material inventariable non dispoñible na Universidade de Vigo.
- A necesidade de desprazamentos do estudantado ou prácticas de campo de elevado custo.

As excepcionalidades nos prezos deberán ser solicitadas pola dirección da Escola Aberta de Formación Permanente ao Consello Social e ser aprobadas con anterioridade a que a Comisión de Estudos Propios ou o Consello de Goberno aprobe o título propio.

2. PREZO MÍNIMO DO CRÉDITO PARA O ESTUDANTADO:

Establécese un prezo mínimo de 15 €/ECTS para a tarifa xeral dos cursos de posgrao e de 9 €/ECTS para os de Formación Universitaria exceptuando aos MOOC que poderán ser gratuítos. Calcularase a tarifa da Comunidade Universitaria como o 85 % da tarifa xeral, e a tarifa da comunidade Alumni como o 90 % da tarifa xeral. Considérase Comunidade Universitaria a os estudiantes que finalizan un Grao na Universidade de Vigo e se matriculan no seguinte curso académico nun título propio.

As persoas en situación de desemprego e as que acrediten unha discapacidade de polo menos o 33% recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma beneficiaranse dos mesmos prezos que a Comunidade Universitaria.

3. PREZO DE EXPEDICIÓN DO TÍTULO:

- a) Para os títulos de mestrado propio establécese o mesmo importe que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade mediante decreto anual, fixa para os títulos oficiais de Grao e Máster.
- b) Para títulos de especialista o 50% do prezo de expedición do título de mestrado propio.
- c) Para o título de experto ou diploma de formación superior universitaria o 25% do prezo de expedición do título de mestrado propio .
- d) Para o resto dos títulos o prezo de expedición será de 15 €.
- e) Para titulacións propias extinguidas:
 - a. de Graduado/a Universitario/a e Titulado/a Superior establécese o mesmo importe que o Decreto de prezos públicos establece para os títulos oficiais de Diplomado/a.
 - b. de Graduado/a Superior establécese o mesmo importe que o Decreto de prezos públicos establece para os títulos oficiais de Licenciado/a.
- f) Por expedición de duplicado de títulos de mestrado propio, o mesmo importe que se establece no Decreto de prezos públicos para títulos oficiais. No resto dos títulos o prezo do duplicado é de 15 €.
- g) Por expedición de Certificación académica des mestrado propio, especialista e experto: o mesmo importe que se establece no Decreto de prezos públicos polo mesmo concepto para estudios oficiais.

4. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS:

O prezo por recoñecemento de créditos é o 25% dos prezos establecidos para os créditos correspondentes.

5. PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO:

Os cursos destinados para a formación docente serán sen custe para todo o PDI da Universidade de Vigo. No caso de que este cursos se ofreceran a docentes externos, aplicaríanse as tarifas correspondentes aos diplomas de Formación Universitaria.

6. PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES

6.1 Matrícula

a) Prezos

| Prezo | Concepto |
|----------|--|
| 125,00 € | Curso completo 18 créditos Titulado/a Universitario/a Superior Sénior |
| 105,00 € | Curso completo 15 créditos Titulado/a Universitario/a en Cultura e Sociedade |
| 8,00 € | Por cada crédito matriculado, para o resto de matrículas |
| Decreto | Secretaría: apertura de expediente académico |
| Decreto | Secretaría: expedición e mantemento de tarxeta de identidade |
| 1,75 € | Documentación e soporte de matrícula |

b) Establécense seis prazos para o pagamento fraccionado da matrícula. Os prezos públicos por servizos administrativos serán aboados íntegros xunto co primeiro prazo, de tal xeito que o fraccionamento se aplica unicamente aos prezos por servizos académicos.

c) Incremento do 10% por gastos de xestión aplicable aos importes non pagados nos prazos establecidos.

d) O prezo por recoñecemento de créditos é o 25% dos prezos establecidos para os créditos correspondentes.

6.2 Expedición de título

- a) Para a expedición de título de Universitario/a Superior Sénior e Universitario/a en Cultura e Sociedade establécese como importe o 25% do prezo que o Decreto de prezos públicos establece para os títulos oficiais de Grao.
- b) Para a expedición de título de Universitario/a Sénior (extinguido) establécese como importe o 25% do prezo que o Decreto de prezos públicos establece para os títulos oficiais de Diplomado/a.
- c) Por expedición de duplicado o mesmo importe que se establece no Decreto de prezos públicos polo mesmo concepto para títulos oficiais.

RÚBRICA DE VALORACIÓN DO PROFESSORADO EXTERNO NOS TÍTULOS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobada na Comisión de Estudos Propios do 31 de xaneiro de 2022

| | Porcentaxe | 0 – 9% | 10- 49% | 50-79% | 80-100% |
|--|---|--|---|---|---|
| FORMACIÓN ACADÉMICA (max. 40 puntos) | <i>Titulación académica (30 puntos)</i> | No caso de formación universitaria: non ten titulación universitaria No caso de títulos de Posgrao: non ten titulación de Máster ou equivalente | No caso de formación universitaria: ten unha titulación universitaria non directamente relacionada co título. No caso de títulos de Posgrao: ten titulación de Máster ou equivalente non directamente relacionada co título. | No caso de formación universitaria: ten unha titulación universitaria directamente relacionada co título. No caso de títulos de Posgrao: ten titulación de Máster ou equivalente directamente relacionada co título. | No caso de formación universitaria: ten unha titulación de Máster ou equivalente directamente relacionada co título. No caso de títulos de Posgrao: é doutor/a nun campo directamente relacionado co título. |
| | <i>Titulacións non oficiais (10 puntos)</i> | Non aporta ningunha formación adicional ou aporta formacións non relacionadas con título. | Ten formación de menos de 50h en cursos relacionados co título. | Ten formación de menos de 100h en cursos relacionados co título. | Ten formación de mais de 100h en cursos relacionados co título. |
| | <i>Formación docente (10 puntos)</i> | Non aporta formación específica para o profesorado. | Ten formación de menos de 50h en cursos de formación de profesorado. | Ten formación de mais de 50h e menos de 100h en cursos de formación de profesorado. | Ten formación de mais de 100h en cursos de formación de profesorado. |
| EXPERIENCIA PROFESIONAL (max.25 puntos) | <i>Relacionada directamente cos contidos do título (25 puntos)</i> | Ten experiencia profesional menor de 2 anos. | Ten experiencia profesional de mais de 2 e menos de 5 anos | Ten experiencia profesional de mais de 5 e menos de 10 anos | Ten experiencia profesional de mais de 10 anos |
| | <i>Non directamente relacionada cos contidos do título (5 puntos)</i> | Ten experiencia profesional menor de 2 anos. | Ten experiencia profesional de mais de 2 e menos de 5 anos | Ten experiencia profesional de mais de 5 e menos de 10 anos. | Ten experiencia profesional 10 ou mais anos |

RÚBRICA DE VALORACIÓN DO PROFESORADO EXTERNO NOS TÍTULOS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobada na Comisión de Estudos Propios do 31 de xaneiro de 2022

| | | | | | |
|---|--|-------------------------------------|---|---|--|
| EXPERIENCIA DOCENTE (max. 25 puntos) | <i>Universidades (20 puntos)</i> | Non ten experiencia docente previa | Ten experiencia docente de menos de 25h en titulacións universitarias (oficiais e non oficiais) | Ten experiencia docente de mais de 25h e menos de 50h en titulacións universitarias (oficiais e non oficiais) | Ten experiencia docente de mais de 50h en titulacións universitarias (oficiais e non oficiais) |
| | <i>Valoración docente en encuestas ou programas de calidad docente universitaria (10 puntos)</i> | Non ten avaliaciós | Ten avaliaciós regulares | Ten valoraciós boas | Ten avaliaciós excelentes |
| | <i>Outros centros non universitarios (5 puntos)</i> | Non ten experiencia docente previa | Ten experiencia docente de menos de 25h en centros educativos non universitarios | Ten experiencia docente de mais de 25h y menos de 50h en centros educativos non universitarios | Ten experiencia docente de mais de 50h en centros educativos non universitarios |
| OUTROS MÉRITOS (max. 10 puntos) | <i>Publicaciós científicas en revistas (10 puntos)</i> | Non ten publicaciós | Ten menos de 3 publicaciós | Ten entre 3 e 5 publicaciós | Ten mais de 5 publicaciós |
| | <i>Outros (10 puntos)</i> | Non aporta ningún mérito adicional. | Aporta 1 ou 2 méritos directamente relacionado cos contidos do título | Aporta 3 méritos directamente relacionado cos contidos do título | Aporta mais de 3 méritos directamente relacionados cos contidos do título |

Recomendacións

Menos de 50 puntos: Non se permite a participación

De 50 a 60 puntos : Permítese ata un máximo de 25 horas pero non pode ser coordinador dunha materia

De 61 a 79 puntos: Permítese ata un máximo de 50 horas

De 80 a 100 puntos: Poder impartir docencia nas mesmas condicións do PDI da Universidade de Vigo